

A maioría do persoal dos centros de infantil 0-3 apoia a campaña por un convenio galego para o sector

En Galiza hai 259 escolas de Educación Infantil etapa 0-3, privadas ou públicas de xestión indirecta, nas que traballan arredor de 2.000 traballadoras/es que atenden milleiros de crianzas.

Delegadas da CIG-Ensino, sindicato maioritario no sector, entregaron o pasado 17 de marzo no rexistro da Xunta as 1025 sinaturas recollidas, o que representa un apoio de máis da metade do persoal que traballa nestas escolas. Ademais, tivo lugar unha concentración para reivindicar mellores condicións de traballo, salarios dignos e esixir á conselleira de Política Social a interlocución coas empresas do sector, que en Galiza están integramente subvencionadas, para negociar un convenio galego.



Cómpre sinalar que este colectivo é nestes intres **dos máis precarizados laboralmente en Galiza**, malia a enorme responsabilidade e o traballo esencial que realizan a nivel social. A sinatura o 5 marzo en Madrid do XIII convenio estatal supón unha prórroga do anterior que **mantén salarios conxelados desde o ano 2021 e por debaixo do SMI**. En palabras das delegadas presentes na concentración trátase “dunha involución e dun desprezo ao traballo que realizamos e que afecta á calidade da atención educativa dos nenos e nenas”, ademais de que se “negociou” de costas ás traballadoras que **se mobilizaron con até 6 xornadas de folga en Galiza** en contra da súa aprobación moi necesarias.

A campaña “**Pola mellora das condicións laborais, sociais e salariais: convenio galego xa!**” acadou o apoio maioritario das traballadoras do sector que **recolleron máis de 1000 sinaturas en demanda dun marco galego de relacións laborais despois da nefasta pseudonegociación do XIII Convenio estatal** asinado por tres organizacións que ademais

en Galiza son totalmente minoritarias.

As características do sector no noso país, condicionado porque a Xunta subvenciona integramente a matrícula nestes centros, e o feito de que USO, UGT e FSIE non teñan apenas representación fai, se cabe, aínda máis necesario que se negocie a nivel galego un convenio que dea cobertura ás arredor de 2000 empregadas que traballan nos centros privados de xestión directa ou públicos de xestión indirecta por empresas privadas do 1º ciclo de educación infantil.

A entrega destas sinaturas tivo lugar no rexistro da Xunta de Galiza xunto cunha concentración das delegadas da central maioritaria no sector, a CIG-Ensino, quen reclamaron mellores salariais, laborais e sociais e unha xuntanza urxente coa conselleira de Política Social, Fabiola García, que non pode permanecer impasíbel ante esta situación de precarización duns servizos sociais esenciais que son da súa competencia.

Tal e como explicou unha representación deste persoal, trátase de escolas privadas de xestión directa e escolas públicas de xestión indirecta (municipais, do Consorcio...) por empresas privadas na súa maioría, así como tamén algunhas escolas de obras sociais e caixas de aforro, todas elas subvencionadas coa gratuidade no sector decretada pola Xunta de Galiza. Henrique García, responsábel do sector de Ensino Privado da CIG-Ensino, instou a Fabiola García a **“tomar nota dunha realidade que mantén oculta e invisibilizada, permitindo que se dea un servizo low cost no que ten a ver coa situación laboral e salarial das traballadoras, que nalgúns casos chega á explotación laboral”**.

Neste sentido Natalia Seijo, delegada da CIG-Ensino e educadora nunha escola de Santiago, explicou a precariedade salarial e laboral na que desempeñan o seu traballo e que **“soportamos por vocación e profesionalidade, pero que non nos dá para pagar as facturas. Somos traballadoras pobres, segundo a Carta Social Europea, pois levamos desde o ano 2021 cobrando o SMI e moitas compañeiras incluso están por debaixo desta cantidade”**. No referente á xornada laboral manifestou que **“esta non remata ao finalizar o noso traballo na escola, toda ela con atención directa e 38h. semanais, senón que temos que programar, preparar material e organizar as clases fóra dese horario e de xeito non remunerado”**.

Para Ana Rodríguez, delegada e educadora nunha escola de Arteixo **“son totalmente abusivas as ratios reguladas no Decreto 329/2005 (8 nenos/as até 1 ano; 13 de 1 a 2 anos e 20 de 2 a 3 anos)** cando a Rede de Atención á infancia da Comisión Europea recomenda **4, 6 e 8 respectivamente, ou mesmo contar coa parella educativa** como ten a Xunta nas escolas públicas da Galiña Azul ou da Axencia Galega”. Tamén reivindicou **“o dereito a un calendario escolar que nos permita a conciliación da nosa vida laboral e familiar, da cal carecemos, e poder gozar de permisos e licenzas que superen os básicos recollidos no Estatuto dos/as Traballadores/as”**.

Campaña “Convenio galego xa!”

No texto da iniciativa recóllese expresamente a solicitude de contar cun **“convenio galego”** que dea resposta ás necesidades e demandas laborais do seu persoal, pero tamén a unha mellor atención dos usuarios e usuarias deste servizo en Galiza. Reivindicacións que non foron atendidas na sinatura do XIII convenio estatal por todas as patronais estatais do sector e un trío sindical que Henrique García cualificou de **“cómplices e submisos,**

que desoan as demandas das traballadoras virándolles as costas e que asinan un **convenio en precario, impositivo, fraudulento e sen negociación real**, que pecha unha década sen avances en dereitos laborais, sociais e salariais”

Neste sentido, detallou que supón unha prorroga do “mísero XII Convenio de 2019, sen recoñecer os atrasos salariais que acumulan as traballadoras coa conxelación destes desde 2021 até 2024, **perdendo máis do 15% (IPC) de poder adquisitivo** neste período e que as novas táboas salariais de 2025 ate o curso 2028-2029 non recuperan, nin garanten nos futuros salarios, manténdose algúns salarios incluso por debaixo do SMI (ao no garantir que esta contía sexa o Salario Base e permitir que se absorban complementos)”. Non se recolle, así mesmo, un diferencial salarial para as educadoras con respecto ás PSX e aumentan as fendas salariais nas mesmas categorías segundo o tipo de xestión de centros (xestión directa versus xestión indirecta) que na Galiza ao ser toda a etapa gratuíta suporá **“competencia desleal”** entre os distintos tipos de centros onde estes convivan.

Ademais, **mantéñense as xornadas abusivas, penalizacións económicas por estar de baixa laboral, non se incorporan melloras a respecto de licenzas e permisos** máis alá do estritamente recollido no Estatuto dos e das Traballadoras etc.

A CIG-Ensino, como sindicato maioritario no sector comezou esta campaña despois de participar cos sindicatos estatais na loita por mellorar o convenio estatal (malia non estar a favor do ámbito de negociación pero antepoñendo os intereses das traballadoras galegas) e de que esta virara en **“entreguismo ao bloqueo patronal que estendeu artificialmente a negociación durante máis de tres anos”**. A CIG e as súas delegadas, xunto coas traballadoras que asinaron esta campaña, non contaron co apoio das demais OO.SS, asinaron estas ou non o convenio estatal, polo que **fan un chamamento a que todo o sector presione e loite polo marco galego de relacións laborais, máis cando o Estatuto dos Traballadores/as (E.T.) recolle agora a prevalencia dos convenios autonómicos sobre os estatais** e sendo este o único camiño que queda para dignificar o sector. Outro ámbito, que é o local nos concellos, tamén o está a dar a CIG como é o caso da R.E.I.M.s na cidade da Coruña.

Nesta liña, a CIG fai un **chamamento á organización sindical das traballadoras, dado que só 57 escolas das 259 contan con representación** e nun sector

tan precario é preciso dispoñer de delegadas de persoal, que terían para facer traballo sindical 15 horas laborais mensuais cada unha, máis cando o sector ten uns servizos mínimos abusivos nas convocatorias de folga e non haber patronais constituídas como tal, para facilitar a apertura de negociacións. Malia as diferenzas obvias cos propietarios e propietarias das empresas con implantación en Galiza nos próximos anos vai haber moita problemática a respecto de aplicar as distintas táboas salariais segundo o tipo de xestión das escolas infantís, que foron deseñadas para outros territorios que non teñen o modelo de gratuidade de Galiza, polo que a estas tamén lles interesa unha

regulación laboral autonómica, tendo deste xeito intereses comúns coa parte social. Neste sentido están previstas reunións coas distintas empresas do sector e AGADEI (Asociación maioritaria), coa CEG (Confederación Empresarios Galiza), así como cos distintos Grupos Parlamentares Galegos.

De non producirse avances nin unha mediación directa da conselleira **“as traballadoras están dispostas a iniciar un proceso de mobilizacións para exixir o cumprimento destas demandas, xustas e xustificadas**, máis cando dende as administracións se nos declara “servizos esenciais”, concluíron.

A CIG gaña dúas sentenzas nas que se recoñece o dereito a cobrar o SMI íntegro sen a absorción do complemento de perfeccionamento profesional

Os dous autos ditados polo xulgado do social número 2 de Santiago en xaneiro deste ano reafirman que as traballadoras que se rexen polo convenio de asistencia e educación infantil do ano 2019 **deben percibir a cantidade íntegra do Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada ano. Así mesmo condenan á empresa, neste caso CATIVOS, a abonarlles a diferenza salarial durante os anos 2023 e 2024** (dado que as súas nóminas incluían o complemento de perfeccionamento profesional- CPP- dentro da contía do SMI que percibían cada ano) **até o momento en que se regularice esta situación.** En ambos casos as demandantes tiveron que acudir á vía xudicial ao non aceptar a empresa a mediación.

No artigo 59 do convenio estatal que rexe para os centros do primeiro ciclo de infantil queda claro que **“o complemento de perfeccionamento profesional, CCP, non será absorbible nin compensable durante a vixencia do mesmo”**. Tal e como defendeu a asesoría xurídica da CIG nos dous procesos xudiciais as cantidades a abonar deben ter en conta que nas táboas salariais de 2022 fíxase que

este complemento é de 16,80 euros “sen diferenza entre método de xestión indirecta ou non”, tal e como expresa literalmente a sentenza. Desde a CIG criticábase a mesquindade das empresas que até esta sentenza tiñan o persoal contratado, nestes casos como auxiliar de apoio, cobrando por debaixo do SMI e aínda “regatean” nos xulgados uns céntimos no pagamento deste complemento (dado que ao tratarse dun servizo de xestión indirecta nas táboas específicas a contía do mesmo é de 16,32 euros).

Ademais de abonarlle a ambas traballadoras as diferenzas salariais que lles corresponderían desde a entrada en vigor das táboas salariais de 2022, **a empresa terá tamén que pagarlles os intereses de demora e seguir devengando esta cantidade até que regularice as nóminas deste persoal. A sentenza é firme e non cabe recurso.**

O sindicato pedirá a súa extensión a todas as traballadoras afectadas tanto nesta escola coma noutras e volverá recorrer ás demandas xudiciais, de ser preciso.



SRA CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

A Consellaría da que vostede é responsábel asumiu e lóase da gratuidade dos diferentes tipos de centros de atención e educación infantil na etapa 0-3, prestación que debe ter garantida a súa continuidade como servizo social público, esencial e coa máxima calidade.

Nestes momentos o persoal traballador, altamente feminizado e precarizado, está a denunciar unha involución drástica das súas condicións salariais, laborais e sociais, así como non poder prestar este servizo con garantías de calidade, derivada do precario dos contratos-convenios ou achegas económicas da súa Consellería coas empresas que xestionan de forma indirecta estes servizos, que deberan ser “públicos”; da falta de recursos nas Leis de Orzamentos da Xunta, que ten todas as competencias; dos recortes nas reformas laborais; dos acordos regresivos e de contención salarial do “ Pacto Social” e da perda de dereitos continuada en salarios; así como da falta de avances nos últimos convenios estatais de Centros de asistencia e educación infantil asinados en Madrid.

Estes feitos e involucións afectan negativamente ás condicións salariais e laborais do seu persoal, algúns deles con conxelacións salariais e de dereitos dende 2021; á prestación dun servizo de calidade aos seus usuarios e usuarias, con rateos abusivos doutras épocas e con escasos recursos humanos e materiais; e á supervivencia ou continuidade das entidades que os xestionan, que non poden facer fronte a estas necesidades e reivindicacións do sector, insisto, sector feminizado e en precario.

A CIG-EnsinO, que é o sindicato con maior representatividade neste sector na Galiza, preocúpalle estas situacións precarias e de inestabilidade, que se poden incrementar nun futuro, traducíndose en conflitos sociais, que ningunha das partes queremos e que por responsabilidade debemos atallar. Como xustificación e realidade destes feitos facémolle entrega desta campaña reivindicativa de sinaturas, que adxuntamos, avalada por máis dun 50% do persoal traballador afectado (1025 asinantes dun colectivo de 2016 persoas traballadoras, nun total duns 259 centros de traballo no país) coa finalidade de avanzar cara uns servizos públicos galegos de calidade na atención á infancia, cunhas condicións salariais e laborais dignas para todo o persoal traballador, recollidas nun I Convenio Galego de Centros de Atención a infancia etapa 0-3.

Non pode ser que haxa escolas infantís, dependentes da administración, unhas de 1ª outras de 2ª e estas de 3ª en condicións laborais, sociais e salariais que están a anos luz das da Axencia Galega ou Galiñas Azuis, incumpríndose a máxima de que a “igual traballo, igual salario”, polo que debemos camiñar cara esa equiparación, cuns orzamentos que o permitan mentres non se acade a finalidade de ser de total xestión pública.

Co obxecto de tratar a problemática actual do sector e as posíbeis alternativas e propostas de solución, así como para mellorar a calidade do servizo e as condicións das traballadoras e traballadores do sector, solicitámoslle unha entrevista coa maior brevidade posíbel. A esta entrevista asistirían dúas persoas responsábeis do sindicato e algúns delegados ou delegadas de persoal, en representación dos traballadores/as nos distintos tipos de centros que hai no sector.

Reciba un cordial saúdo.

Compostela, 17 de marzo de 2025.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal